
Xosé López, Ana Isabel Rodríguez Vázquez e Andrea Valencia-Bermúdez

El Caton Compostelano: 217 anos de publicacións periódicas na Galiza

El Caton Compostelano: 217 anos de publicacións periódicas na Galiza

El Caton Compostelano: 217 years of regular publications in Galicia

Xosé López (Universidade de Santiago de Compostela)

xlmorgan@gmail.com

Ana Isabel Rodríguez Vázquez (Universidade de Santiago de Compostela)

anaisabelrodriguezvazquez@gmail.com

Andrea Valencia-Bermúdez (Universidad de Santiago de Compostela)

andrea.v.bermudez@gmail.com

Resumo

As orixes tardías do xornalismo en Galiza fan que no pasado ano 2016, cando se cumpriron cen anos da fundación das Irmandades da Fala, só poidésemos festexar douscentos dezaséis anos de publicacións periódicas. El Catón Compostelano, semanario dirixido por Francisco del Valle Inclán e publicado na cidade de Santiago, iniciou a historia da prensa en Galicia. Aínda que as fórmulas dialogadas das tertulias están nas orixes do xornalismo galego, a verdade é que na cronoloxía histórica convivimos en aceptar o punto de partida nos vintedous discursos que integran esta xoia do xornalismo impreso. Apareceu en castelán, porque o galego xa non vivía unha boa época como lingua culta –de emprego habitual nos documentos oficiais e nas comunicación públicas-, aínda que nos contidos dalgún discurso había unha defensa da lingua propia, o galego, e sostendo que non había poder humano capaz de alterar a lingua galega, “que es, fué y será”. O feito de ter sido a primeira iniciativa de aparición regular colocou a El Catón Compostelano nun lugar preferente a hora de analizar as bases sobre as que, nestes anos, se construiu o edificio do xornalismo moderno galego. Con todo, nas orixes hai que ter moi en conta, ademais dos antecedentes, en especial todas as manifestacións

protoxornalísticas que chegaron da man das tertulias, os primeiros diarios, que apareceron no ano 1808, en plena campaña contra das invasións francesas, ao abeiro da Guerra d'a Independencia. Eses antecedentes, *El Catón Compostelano* e os xornais *Diario de Santiago*, *Diario de La Coruña*, *Telégrafo Político y Literario de La Coruña* e *Gazeta de La Coruña*, constitúen, pois, os tres eixos das orixes xornalísticas en Galicia, aínda que non en galego. A Galiza comezaba así unha etapa, a marcada polos medios impresos, que chegou ao fisterra peninsular con certo atraso en relación co resto do Estado, sobre todo en relación a Madrid a Barcelona. Moi atrás quedaba o ano 1661, cando comezou a publicarse en Madrid a primeira *Gazeta*. A pesar do desfase e da escasa presenza de Galiza nos medios de Madrid, o certo é que logo moitos nomes galegos desempeñaron importantes papeis nos medios de Madrid e levaron contidos galegos ás primeiras planas. Esa tendencia de illamento, que se rompeu coa revista *España*, no ano 1915, coa colaboración de Rodrigo Sanz, Luguís Freire e Banet Fontenla, tivo a súa consolidación no ano 1917, a través do diario *El Sol*, no que houbo espazo constante para a opinión galega. Neste ano 2017, van aló douscentos dezasete anos de historia propiamente xornalística da Galiza, de productos que empegaron as linguas galega e castelán para as súas mensaxes comunicativas.

Palabras chave: Historia do Xornalismo, Xornalismo galego, publicacións periódicas na Galiza, Orixes xornalísticas.

Abstract

Journalism arrived late to Galicia. 2017 marks the centenary of the foundation of the *Irmandades da Fala* and only 217 years of regular publications. *El Catón Compostelano*, led by Francisco del Valle Inclán, and published in Santiago, was the beginning of press history in Galicia. While dialogue-oriented formulas of talks are at the origins of Galician journalism, it is widely accepted that the starting point are the 22 discourses included in this jewel of printed journalism. It was a Spanish version, since there were not good times for Galician –it was not used in official documents and public communications. However, some contents of the discourses included defences of Galician language, arguing that there was no human power capable of altering Galician, “que es, fué y será.” The fact of being the first initiative of regular publications placed *El Catón Compostelano* in a preferential position when analysing the basis on which the modern Galician journalism was founded. However, while antecedents should be considered, a key role was also played by proto-journalistic manifestations, the gatherings, and the first journals that appeared in 1808, during the campaign against French invasion and the War of Independence. That background, together with *El Catón Compostelano* and *Diario de Santiago*, *Diario de La Coruña*, *Telégrafo Político y Literario de La Coruña* and *Gazeta de La Coruña*, formed the rationale behind the origin of journalism in Galicia, while they were not

written in Galician. The region therefore entered a stage, marked by printed media, which arrived late if compared with the major Spanish capitals, Madrid and Barcelona. Long gone was 1661, when the first *Gazeta* started to be published in Madrid. Even though the time-lag and the little presence of Galicia in the media of Madrid, many Galician people exercised key positions in those media outlets, and place contents related to Galicia on the first pages. That isolation trend, which was broken by the arrival of the magazine *España* in 1915, with the collaboration of Rodrigo Sanz, Luguís Freire and Banet Fontenla, was consolidated in 1917 through the journal *El Sol*, where there was a fixed space for opinion from Galicia. 2017 marks 217 years of press history in Galicia, using both Spanish and Galician for their communicative messages.

Keywords: History of Journalism, Galician journalism, regular publications in Galicia, journalistic origins.

Introducción

As fórmulas dialogadas empregadas en varias publicacións de carácter irregular están nas raíces do xornalismo galego, que cristalizou tarde nas publicacións periódicas. Nas primeiras tres décadas do século XIX tiveron una grande importancia as tertulias, que baixo a apariencia de verosimilitude e transcripción didedigna da realidade, presentaban uns diálogos difundidos en folletos onde se recollían asuntos da vida relixiosa e política –sobre todo local– da época. A pugna entre liberáís e absolutistas que sacode a primeira metade do século XIX español está presente nestes textos anónimos que foron escritos para seren lidos en voz alta e contrarrestar así o poder comunicativo dos púlpitos relixiosos nunha sociedade que demandaba cada vez máis protagonismo (Aneiros e López, 2005). Tiñan, pois, unha clara finalidade contrapropagandística fronte ao discurso dominante da igrexa.

Os antecedentes destas fórmulas dialogadas en Galicia teñen piares fundamentais nas figuras do cura de Fruime, Antonio Zernadas de Castro, e do Padre Sarmiento, quen no século precedente empregou o diálogo como fórmula didáctica de aprendizaxe lingüística e relixiosa. Sen embargo, o antecedente máis claro desta modalidade expresiva atópase nos modelos catequéticos dos famosos padres Astete e Ripalda. O catecismo, como fórmula pregunta-resposta de contrastado éxito na formación das persoas parece ter unha influencia decisiva nos promotores destes textos. As tertulias reflectirán nas súas páxinas o enfrontamento ideolóxico da época e nelas atoparemos leccións adoutrinadoras de tipo político, relixioso e moral que nos fan entender estes folletos como auténtica propaganda partidaria. Esta modalidade expresiva está moi presente tamén na prensa, tanto en lingua galega como en castelá, especialmente en cabeceiras como a *Gaceta Marcial y Política de Santiago* ou o *Boletín Oficial de A Coruña* onde se publican varios diálogos (Aneiros e López, 2005). A fórmula é sinxela: un diálogo para dicir

cousas. O contido está moi condicionado polos debates da época na que se escriben, pero case sempre tentan persuadir con fórmulas propagandísticas.

Os anos 1820 e 1836 foron os de maior éxito na publicación de tertulias. Así, en 1820 ve a luz "La tertulia en la Quintana", "Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre administrason de xústicia da súa aldea" e "Sigue la tertulia en la Quintana". No ano 1836 publícanse "Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco y Freitoso" (setembro de 1836); "Tertulia de Picaños" (31/10/1836); "Diálogo segundo en la Alameda de Santiago" (15/11/1836); "Sigue la Tertulia de Picaños" (15/12/1836); "Diálogo tercero en la Alameda de Santiago entre los mismos Cristovo, Farruco y el cura consabido" (31/12/1836); "Parola que houbo entre Goriño, Antelo, Farruco Allende e Antón Térela a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d'unha pipa; ó que viña de camiño (1836); "A tertulia de Concheiros. Diálogo entre Pascual, Basilio, Alberte y un cura" (1836) e "Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, cércana a la vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, o día 13 de novembro de 1836 en que se nombrou o Auntamento Costitucional" (1837). Son en total once tertulias editadas en folletos de seu -ás que hai que sumar outros diálogos como os poemas de Vicente Turnes, "O preiteante" de Gómez de Ferrol ou "Espello de diputados" de Florencio Pol e aqueloutros publicados na prensa- que nos permiten establecer parámetros comunicativos comúns (Aneiros; López, 2005). En definitiva, unha fórmula que comezou nas publicacións irregulares e que logo tivo algún eco nas publicacións periódicas.

Estes diálogos marcaron un antes e un despois na forma de contar historias do que acontecía na sociedade da época, que logo entraron por diversas vías nas publicacións periódicas que apareceron na Galiza nos século XX (sobre todo os diálogos dentro de pezas arredor dun tema). Con todo, a fórmula demostrouse moi eficaz nun momento determinado, nun contexto político e para un tipo de publicación irregular, sen que marcasse unha liña de actuación ou unha sección nas publicacións periódicas que apareceron coa entrada do segundo milenio.

Obxectivos, estado da cuestión e metodoloxía

O obxectivo deste traballo é unha análise do papel de El Catón Compostelano nas orixes do xornalismo galego, tendo como base diferentes estudos feitos no marco da historia da Comunicación en Galicia Os catálogos Santos Gayoso (1990) e de Rosa Cal e Carmen Pérez (1993) e Santos Gayoso constitúen unha interesante aproximación, con achegas básicas dos principais medios desa primeira fase. Pero foron estudos posteriores destes autores e de Xosé Ramón Bareiro Fernández (1982 e 1991), Xusto Beramendi (1997 e 2008), Margarita Ledo (1982) e Ramón Villares (1984), sobre todo, os que analizaron estas primeiras publicacións ou esa época histórica con referencias á comunicación.

Para cumprir os obxectivos fixados, logo de situar os antecedentes da primeira publicación

periódica da Galiza, con referencia ás tertulias, procederemos a ao estudio das características dos discursos da iniciativa que puxo en marcha Francisco María del Valle Inclán na cidade de Santiago con vontade de incidir nos puntos de vista das élites do momento arredor dalgúns dos temas que consideraba capitais para un cambio de rumbo na sociedade.

O estudo parte dos traballos realizados no Consello da Cultura Galega sobre El Catón Compostelano, que acompañaron á edición facsimilar, e dunha revisión das características formais dos vintedous discursos constitúen outra fase da execución do proxecto de análise interpretativa. Tamén se sitúa no seu contexto a aparición desta publicación e das que saíron á luz a continuación, que constitúen os primeiros pasos do xornalismo galego como tal. Neste sentido, inténtase, a partir dunha revisión bibliográfica, definir sobre que pases comenzo a andaina do xornalismo na Galiza, cunha análise interpretativa dos primeiros pasos e unha exploración puntual ata a aparición das primeiras publicacións en galego.

Desde xeito, o resultado que se trata de ofrecer é un texto analítico-interpretativo que sitúe no seu contexto a aparición do xornalismo na Galiza e que explique aqueles aspectos máis relevantes para entender as bases sobre as que se constrúe a historia do xornalismo na Galiza. Trátase dun labor básico para poder analizar o xornalismo actual a partir das herdanzas recibidas e los pasos dados nas diferentes etapas históricas que viviu a Galiza como espazo cultural diferenciado no ámbito da Península Ibérica.

Os discursos na primeira publicación

O modelo catequético das tertulias, con moita tradición nos folletos da Galicia do XIX e polo tanto en todas as manifestacións protoxornalísticas en Galicia e galegas, como tentamos explicar, non foi o seguido pola primeira publicación galega, que apareceu o 1 de maio de 1800. Neste caso son vintedous discursos máis canónicos como artigos de opinión, que, como explica o seu autor no primeiro número, “pretenden instruír en todas as materias políticas e literarias”. De feito, no número dous xa elixe como discursos monotemático a lingua, para afirmar que os escritores antigos latinizaron as voces patrias. O estilo destes discursos, que apareceron numerados, con periodicidade semanal, obedece as características do seu autor e a súa formación humanístico e o posto que ocupou (bibliotecario da Universidade de Santiago). Francisco María del Valle Inclán entende que el, nun momento da súa vida, acumulou a suficiente ciencia e ciencia para poder proxectar entre os seus lectores (Barreiro Fernández, 2000).

O autor dos discursos que apareceron regularmente tiña especial interese nas cuestións relacionadas coas linguas. De feito, o discurso número dous analiza a “latinización das voces patrias” e fala da eternidade das linguas, mentres no número tres insiste na súa teima da xénese das linguas, ao tempo que sostén que as linguas que se falaban na España da época eran as mesmas que nos deixaron os primeiros pobladores. O tema é recorrente, aínda que só

sexa con algún pequeno apunte, como, por exemplo, no discurso XXI. Con todo, a preocupación deste inquieto personaxe pola linguaxe e as linguas, e pola lingua galega en particular, ponse de manifesto nos discursos II, III e IV (Mariño Paz, 2000). E sempre defendendo a lingua nativa, como a que nunca se olvida.

Outros temas que tratou Francisco María del Valle Inclán foron as modas, a importancia da boa formación dos nenos, a liberdade ou as barbas, entre outros. As modas ocupan o discurso quinto, onde xa comeza as súas críticas aos homes que queren parecerse ás mulleres, sobre todo cunha defensa firme da barba. Sostén que os clérigos deben manter este atributo, ao tempo que explica como a barba está n aliña da doutrina da Igrexa. Tamén no discurso dezasete volve con este tema da barba, especificando as súas virtudes físicas e explicando que preserva ao home de moitos males.

No discurso noveno, o autor defende un papel máis ativo dos pais de familia na formación dos nenos, porque entende que non é suficiente que o Goberno actúe e que haxa bos Mestres. Considera o tema da formación moi importante para o futuro de calquera pobo, polo que aposta por sensibilizar aos pais para que inculquen aos seus fillos o pracer da aprendizaxe.

A lingua galega

A preocupación de Francisco María del Valle Inclán pola formación e polas linguas, presente nos seus discursos, como explicamos, estivo acompañada dunha defensa das linguas que se falaban na Península Ibérica. Nos seus discursos manifestase convencido de que o galego, o éuscaro e o catalán mantiñan posición irremovibles dentro dos seus respectivos territorios. O seu punto de vista fundábase na ilusión de que o que era posible nas circunstancias históricas de 1800 había de seguir séndoo para sempre, é dicir, na cándida ilusión de que “nuestro Gallego es, fue, y será el mismo, sin que haya poder humano capaz de alterarlo” (Mariño Paz, 2000). Na evolución das linguas, o máis que admitía Francisco María del Valle Inclán eran modulacións dialectais.

Non hai dúbida das singulares teorías de Francisco María del Valle Inclán sobre as linguas. Pero hai que ter en conta que esas peculiares teorías tiñan, as veces, un atractivo especial para cantos profesan e viven nunha lingua minoritaria, aínda que iso non debe facernos esquecer a base pouco científica das súas concepcións (Barreiro Fernández, 2000).

O autor dos discursos de El Catón Compostelano escribía nun contexto no que o galego xa non vivía a súa etapa de máximo esplendor, que foi a idade media, cando os reis, os nobles, os bispos e os campesiños elixíano para expresarse e os trovadores e xograres empregábano para compoñer as súas obras. Pero a partir do século XV todo mudou e unha serie de circunstancias políticas adversas afastaron a lingua do ensino, da igrexa, da xustiza e da administración (López, Calvo, Otero, Aneiros, 2009). O galego quedou nun segundo plano e non tivo protagonismo na comunicación mediada tecnoloxicamente cando se inventou a imprenta e nos

tempos posteriores, ata o século XX, cando acadou a recuperación como lingua da cultura, do xornalismo e outros campos do saber.

Nese contexto dunha etapa na que situación do galego no 1800 estaba nun segundo plano e no marco da visión do autor dos discursos de El Catón Compostelano das linguas dialectais, resultantes dun proceso progresivo, nos seus escritos sostén que o portugués é un dialecto do galego. Francisco María del Valle Inclán escribe no semanario: "Galicia y Portugal mientras formaron una sola Provincia, no tenían ni necesitaban de otra lengua que la Gallega, que era común de los dos; pero luego que este se separó y formó distinta Monarquía, y redujo su lengua vulgar á arte y escritura, compuso un diccionario tan voluminoso, como es el de Bluteau; y es el caso, que habiendo esta Nacion adoptado el sistema de fixarse con leyes y escritos patrios, no há discurrido hasta ahora letras equivalentes á las vocales obscuras, y acentos nunaritos y dentales, de que abunda este nuevo idioma, valiéndose para expresarlos de una mezcla y convinacion de letras que á todos aburre. Mas si le llamo nuevo, es por el inmediato principio que se le alcanza, no siendo sinó un nuevo dialecto de nuestro Gallego, que se conserva y conservará puro, mientras no se escriba -pp.51-52- (Mariño Paz, 2000). Hai, xa que logo, como moi ben analiza nos seus traballos Ramón Mariño Paz, desdén ante Portugal e o portugués, recollendo algunhas das ideas defendidas polo Padre Sarmiento.

O que si defendía Francisco María del Valle Inclán, na súa idea de que as linguas eran un atributo da divindade (Mariño Paz, 2000), era a pervivencia e o seu positivo papel na comunicación interpersonal e na vida diaria. Foi así que o autor dos discursos empregou a lingua dominante, a lingua que se falaba na Corte, e, ao mesmo tempo, defendía o galego como lingua que tiña longa vida porque non habería poder humano capaz de alterar a súa existencia.

O modelo xornalístico

As características do modelo xornalístico de El Catón Compostelano, que empregaba o castelán nos seus textos, como explicamos, aparecen enmarcadas dentro do que coñecemos como xornalismo de opinión e, nos productos, o xornal de opinión. A primeira cabeceira periódica da historia da Galiza afástase do criterio de actualidade inmediata e do valor noticia. O autor, Francisco del Valle Inclán, crea unha publicación que ten moito máis que ver co espírito ilustrado da divulgación e da reforma de costumes que co proeso de construción dos acontecementos de acordo cos feitos da actualidade (López e Gago, 200). O interese do autor dos discursos non é a actualidade dos acontecementos de Compostela, senón as cuestións que teñen que ver cos costumes, en definitiva, cuestións de fondo moi presentes na sociedade do momento.

O que busca o autor dos discursos é, a través do didactismo formal, facer crítica moral, a partir da súa visión, na que destaca a concepción da sociedade como unha engranaxe na que

cada parte ten unha función específica que debe empregar para contribuír ao correcto funcionamento de todo o conxunto. Francisco del Valle Inclán asume o seu papel intelectual, con boa formación e interese enciclopédico, e pretende reprimir os aspectos negativos que advirte e propoñer o que considera a verdade do que hai que facer en cada momento.

Desde o que considera superioridade intelectual, Francisco del Valle Inclán fai un esforzo para que se entenda o seu discurso -divulgación-, pero tenta fundamentalo nos autores que segue, ao tempo que combate o que considera invencións. Valle Inclán concede un papel importante ao público para que teña éxito a súa publicación, polo que lle preocupa a capacidade dese público para asimilar as súas propostas. Pero o autor ten unha gran confianza na escrita como forma de transformación do coñecemento e na retórica da opinión como motor para os cambios nas sociedades da época.

Un produto atípico

O feito de que El Catón Compostelano sexa o primeiro xornal da Galiza converte o nacemento do xornalismo no noso país mediante un medio atípico para a época. Trátase dunha iniciativa vinculada a vontade invididual dun autor, un ilustrado bibliotecario da Universidade de Santiago, que pon en marcha o seu proxecto sen que exista movemento algún que o ampare. Tamén era un modelo de produto que, a esas alturas, xa non era o máis habitual pois xa estaba entrando a información de actualidade con certa importancia nas publicacións existentes noutras latitudes.

Aínda que El Catón leva o nome de Compostela, a cidade onde se edita, non ten información local nin presta atención especial ao que acontece nesta localidade. A publicación de Francisco del Valle Inclán asumiu as estratexias da retórica persuasiva dominantes na Galicia de comezos do segundo milenio para realizar unha intervención sobre a sociedade que oscilaba entre o maxisterio e o debate participativo que se plasma nas súas páxinas (López e Gago, 2000). O que busca o xornal é formar nos criterios que ten o seu promotor e autor, quen, por outra parte, non tiña demasiado protagonismo de firma e, como moito, aparecían as súas iniciais na peza escrita.

Polo tanto, para entender este produto atípico hai que entender tamén a singularidade de Francisco María del Valle Inclán, un deses personaxes que medraban ante as dificultades e que nas situacións conflictivas era capaz de liderar, dirixir e seducir áos demais (Barreiro Fernández, 2000). Francisco María del Valle Inclán tiña paixón intelectual pola bibliofilia, era inqueda e desexaba un xornal para intervenir na euforia intelectual que vivía a Galiza da época, en especial arredor de Santiago.

Entendemos que por iso fixo un produto algo atípico, que non innovaba, con discursos que querían sentar cátedra da man da erudición e da nova racionalidade que chama ás portas do ámbito da intelectualidade deses anos, entre vellas e novas reflexións. E para iso elixiu o vello

modelo dos discursos, con profusión de citas, e neles incorporou moitas divagacións sobre temas que no momento suscitaban preocupación intelectual e animaban debates.

Non podemos esquecer que na Compostela de 1800 a Universidade marcaba o espírito da cidade onde se editaba a publicación (Pousa Estévez, 200) e que, nese marco, Francisco María del Valle Inclán recorre ao didactimo para, con ese amparo, construír os seus discursos moralistas, nos que con frecuencia empregaba como criterio de autoridade a historia (Barreiro Fernández, 2000). Neste sentido, algo moi propio para a época e pouco atípico.

A chegada dos diarios

Ao igual que as publicacións periódicas, os diarios tampouco madrugaron a hora de aparecer na Galiza. Foi no ano 1808, da man das cabeceiras Diario de Santiago e Diario de La Coruña, ás que logo se sumaron Telégrafo Político y Literario de La Coruña e Gazeta de La Coruña. Os primeiros diarios galegos, Diario de Santiago e Diario de La Coruña, naceron co patrocinio do poder vixente, é dicir, ás Xuntas creadas tras a creba do poder absoluto, despois da invasión das tropas francesas de Napoleón (Viveiro Mogo, 2008). Era o comezo dunhas publicacións para influir na opinión pública do momento, cun proxecto axustado aos tempos e ao contexto social e político do ano 1808 na Península Ibérica.

Os cinco primeiros xornais de Galicia, xurdidos en Compostela e na Coruña como reacción contra a revolución francesa, abriron un camiño que axiña atopou seguidores. De feito, entre 1808 e 1815, Galiza situouse, con cuarenta e tres cabeceiras, como a terceira comunidade do Estado onde máis xornais se publicaron, detrás de Cádiz e Madrid.

Estes primeiros diarios tiñan como obxectivo axudar a frear a entrada dos franceses. Convén recordar que A Coruña ergueuse contra os franceses o 30 de maio de 1808 e ao día seguinte xa apareceu o primeiro xornal, *Diario de Santiago*, publicado baixo o patrocinio do arcebispo. A partir de aí, foron creándose outros xornais, como *Diario de La Coruña*, dirixido por Manuel Pardo de Andrade e subvencionado pola Xunta do Reino de Galicia. Máis tarde aparecería *La Gazeta de la Coruña*, dirixido por dous frades, e *Telégrafo Político y Literario de la Coruña*.

Con estas iniciativas, Galiza entra de cheo no mapa das publicacións no estado español, que comezaran no ano 1758, co Diario Noticioso, Curioso, Erudito y Comercial, Público y Económico, de Mariano de Nipho, quen con posterioridade promoveu outros xornais literarios. Era unha época relativamente favorable para o diarismo literario e moral, que precedeu a entrada no século XIX, que empezou baixo a sombra do decreto de 1791, que suprimiu todos os xornais, agás a Gaceta Oficial e o Diario de Madrid, que non podían tratar temas políticos.

O control dos gobernos sobre a prensa marcou a evolución dos diarios nestes anos, en tanto que a conquista da liberdade de impresión, consubstancial aos réximes liberáís, non se acadou ata despois da invasión das tropas francesas. De feito, apareceu dun xeito espontáneo ao se

decidiren moitos pensadores pola escrita de textos en contra de Napoleón e as súas iniciativas en España.

Neste contexto chega ese terceiro chanzo das orixes do xornalismo na Galiza, con estas primeiras publicacións diarias dedicadas a informar de todo o que favorecese a loita contra dos franceses e a persuadir aos cidadáns da necesidade de combatir aos invasores.

Unha fase de tránsito

As primeiras publicacións que apareceron en Galicia estaban enmarcadas nun modelo de produto moi marcado polo libro, mesmo no tamaño, e pola opinión. Tanto El Catón Compostelano como os primeiros diarios son deudores da prensa do XVIII do noso entorno, que cultivaban formato reducido, poucas páxinas e pezas de carácter opinativo. O tempo das noticias aínda estaba en fase de maduración, con moitas limitacións para tratar cuestión por parte das cabeceiras existentes.

O ton propagandístico dominaba as publicacións da época, feito que cobrou novos impulsos cando comezan as iniciativas en contra da presenza dos franceses. En xeral, os medios impresos estaban nunha fase de transición, na espera da chegada dos principios liberáís, que un pouco máis tarde permitiría un novo escenario informativo. O feito de estar as portas desa nova etapa non incidiu especialmente nos proxectos xornalísticos postos en marcha na Galiza, xa que seguiron os vellos modelos do XVIII. Iso non impediu que despuntasen as habilidades de Francisco María del Valle Inclán en El Catón Compostelano ou de Manuel Pardo de Andrade en Diario de La Coruña.

O contexto político de 1808 permitiu unha etapa xornalística dinámica na Galiza, en especial para a conquista de novos espazos, a aparición de novas cabeceiras e os esforzos por contar historias en apoio das mobilizacións populares en contra dos invasores. Tanto nas cuestión formais como nas de fondo hai un intento de facer as cousas o mellor posible para demostrar as posibilidades que ofrece a comunicación impresa en momentos de conflito.

Certamente, o xornalismo estaba en vésperas dunha importante modernización, pero os avances eran tímidos. A situación non era a ideal para a innovación nin para tentar elaborar produtos que buscasen ocupar novos espazos. O obxectivo prioritario para a maioría dos que se acercaban ao xornalismo eran ter soportes impresos para difundir opinión e algunha información arredor do que acontecía, co fin de conseguir un apoio popular ás causas en disputa, tanto por parte dos patriotas como dos afrancesados. Eran tempos convulsos para os xornais, pero que presaxiaban grandes cambios na propia concepción dos diarios e que xa advertían das novas posibilidades que para o sector podían chegar das innovacións na impresión e do cambio no contexto sociopolítico e socioeconómico (Aneiros e López, 2009). O paso do tempo demostrou que había outros escenarios para o xornalismo.

Onde se viviu con máis dinamismo o nacemento desas cabeceiras foi na periferia, mentres desde Madrid se asistía con indiferenza ao nacemento de proxectos tanto a favor dos patriotas como a favor dos afrancesados. Quizá por iso Galiza comezou unha nova etapa nese momento, con pouca traxectoria xornalística, pero que a partir deses anos sería moi intensa, con moitas cabeceiras e con xornalistas cun grande recoñecemento tanto na propia Galiza como en Madrid. Era o comezo dunha etapa na que a Comunicación mediada tecnoloxicamente tamén se escribía con acento galego.

Prensa en galego

A aparición de medios en Galicia proseguíu na primeira metade do século XIX, moi marcada polo escenario político, con etapas mellores –no período liberal- e peores –no restablecemento do absolutismo-. Neses anos xa aparece unha pequena nómina dos que escriben nos xornais, unha prensa enmarcada no campo da opinión política, pero tamén se consolida unha prensa temática (Barreiro Fernández, 1991). En conxunto, tratouse dunha etapa moi fértil en cabeceiras e propostas xornalísticas, sempre na busca de novos espazos.

A prensa monolingüe en galego, con todo, non chegou ata o 7 de febreiro de 1876, cando apareceu O Tío Marcos d’a Portela. Dalgunha forma recollía, noutro contexto, o obxectivo das tertulias, en concreto da coñecida como O Vello do Pico Sacro (1861), que estaba en galego. Agora trátase dunha publicación periódica cunha liña anticaciquil, cunha firme defensa do campesiñado e dos seus intereses.

O director e impulsor deste medio, Valentín Lamas Carvajal, presentousenos como un galego enxebre e “defensor do noso linguaxe como ninguén”, fixando os obxectivos colectivos dos galegos na conservación da lingua, na consabida unión e na conservación da cultura tradicional, vestimentas incluídas (Beramendi, 2007). Da súa man, a lingua galega entraba nos impresos periódicos e abría unha nova etapa na historia do xornalismo galego.

Pero unha das principais achegas de O Tío Marcos d’a Portela, que conseguiu unha gran popularidade e difusión na época, foi converterse nun modelo a imitar por outras publicacións que apareceron con posterioridade. O Señor Pedro, A Tía Catuxa ou A Fuliada buscan o seu espazo, logo do exemplo da cabeceira que dirixiu Lamas Carvajal. Nos anos seguintes do século XIX apareceron máis cabeceiras en galego (A Monteiro, O Labrego, As Burgas...), que precederon á aparición dunha publicación emblemática na historia do xornalismo galego e en galego, A Nosa Terra. Era o ano 1907, cando apareceu bilingüe, e foi no ano 1917, cando, ao se converter en órgano das Irmandades da Fala, comeza a estar escrita íntegramente en galego.

Neste ano 1917, con A Nosa Terra en galego, céntrase esa primeira etapa de convivencia entre publicacións en castelán e en galego, para comezar unha segunda, na que as publicacións en galego pelexan por acadar protagonismo e presenza no espazo de comunicación galego no

século XX. O certo é que o contexto político nunca lles foi moi favorable e nunca conseguiron ser dominantes na oferta informativa. O que si conseguiron, a pesar das trabas, en especial durante a ditadura, foi o impulso suficiente de sectores da sociedade galega para que tanto nos ámbitos da clandestinidade como nos legais houbera publicacións en galego e medios en galego en tódolos soportes.

A modo de conclusión

El Catón Compostelano quedou nos anais da historia do xornalismo galego como a primeira publicación periódica, o que marca as características da aparición na nos aterra, con carácter tardío, desta técnica de comunicación social. Isto fai que na Galiza haxa unha ricaz experiencia protoxornalística que, sin embargo, ten pouco que ver coa primeira iniciativa que propiamente merece a denominación de xornalística. A gran maioría das técnicas empregadas na fase protoxornalística non teñen presenza na primeira publicación, aínda que si nas posteriores, que nalgúns casos inspiráronse naqueles sistemas didácticos dos diálogos para contar historias do momento.

El Catón Compostelano, vinculado ao proxecto de divulgación de coñecemento de Francisco María del Valle Inclán, e a súa vontade de intervir na sociedade do seu tempo cunha retórica de opinión que mudase comportamentos. Os discursos, como xénero opinativo, constitúe o instrumento formal elixido polo promotor e autor quen gosta argumentar para persuadir a favor dos seus puntos de vista, que tenta explicar con claridade e de forma fácilmente comprensibles.

Con todo, non pode negarse a importancia desta iniciativa e o mérito de Francisco María del Valle Inclán, que deixaron a súa impronta na historia da Galiza e sinalaron o camiño a seguir desde a Galiza, onde as publicacións periódicas editadas no exterior xa tiñan unha presenza meritoria. Pero, sobre todo, Francisco María del Valle Inclán deixou clara a súa visión dos medios impresos como un instrumento de formación das capas ilustradas da época.

A aparición dos primeiros diarios, no ano 1808, foi o impulso definitivo para a consolidación do xornalismo na Gaiza, no marco das iniciativas que nacero no calor da loitra contra da invasión dos franceses. Nese contexto consolidouse un caldo de cultivo favorable á aparición de publicacións, que logo marcou unha etapa fructífera no campo da comunicación mediada tecnolóxicamente.

Nas orixes do xornalismo galego, amais da fase previa, marcada polas tertulias, tivo un papel seminal a experiencia de El Catón Comostelano e as iniciativas de Diario de Santiago e Diario de La Coruña, así como Telégrafo Político y Literario de La Coruña e Gazeta de La Coruña. Arredor deses medios e nese contesto levantouse a base do xornalismo galego, que tivo que esperar ata o ano 1876 para dispoñer da primeira publicación periódica monolingüe en galego, O Tío Marcos d'a Portela, e que hoxe conta con máis de dous séculos de historia.

Bibliografía

- ANEIROS, R. y LÓPEZ, X. (2005): As fórmulas dialogadas nas orixes do xornalismo en lingua galega. In: FIDALGO, A. y SERRA, P. -ed.-, *Actas do III SOPCOM, VI LUSOCOM, II IBÉRICO, Volume 3*, Covilhá, Universidade da Beira Interior.
- ANEIROS, R. y LÓPEZ, X. (2008) O nacemento da prensa diaria galega: As noticias "más certas y testimoniadas, oculares", como grande arma contra o invasor. In: LÓPEZ, X. y ANEIROS, Rosa -coord.-, *Primeiros diarios galegos (1808-1809). Estudos críticos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- BARREIRO Fernández, X. R. (1982): *Historia contemporánea de Galicia (ss. XIX y XX)*, Madrid, Gamma.
- BARREIRO Fernández, X. R. (2000): Francisco María del Valle Inclán ou a extravagancia ó servicio da cultura. In: LÓPEZ, X. (coordinador), *El Catón Compostelano. Estudos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- BARREIRO Fernández, X. R. (1991): *Galicia. Historia. Tomo VI*, A Coruña, Hércules Edicións.
- BERAMENDI, X. (1997): *El nacionalismo gallego*, Madrid, Arco libros.
- BERAMENDI, X. (2008): *De provincia a nación. Historia do galleguismo político*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- CAL MARTÍNEZ, R. y PÉREZ Pais, C. (1993) *Repertorio bibliográfico sobre a prensa galega*, Santiago de Compostela, Edicións Lea.
- LEDO ANDIÓN, M. (1982): *Prensa e galleguismo*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- LÓPEZ, X. y GAGO, M. (2000): O modelo xornalístico de El Catón Compostelano. In: LÓPEZ, X. (coordinador), *El Catón Compostelano. Estudos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LÓPEZ, X., CALVO, M. D., OTERO, M., ANEIROS, R. (2009): O galego na comunicación: Xornalismo en galego. In: DÍAZ NOCI, Javier, *Kazetaritza Hizkuntza minorizatuetan: Espainiako kasua*, Bilbao, Universidad del País Vasco.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2000): O debate lingüístico nas páxinas de El Catón Compostelano. In: LÓPEZ, Xosé (coordinador), *El Catón Compostelano. Estudos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- POUSA ESTÉVEZ, X. R. (2000): A Compostela de El Catón Compostelano. In: LÓPEZ, X. (coordinador), *El Catón Compostelano. Estudos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SANTOS GAYOSO, E. (1990/1995): *Historia de la prensa gallega. Tomos I (1990) y II (1995)*, Sada-A Coruña, Editorial O Castro.
- VILLARES PAZ, R. (1984): *Galicia. A Historia*, Vigo, Galaxia.
- VIVEIRO MOGO, P. (2008): Os promotores dos primeiros diarios galegos: Diario de Santiago e

Diario de La Coruña. In: LÓPEZ, X. y ANEIROS, R. -coord.-, *Primeiros diários galegos (1808-1809)*. *Estudos críticos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.